

O EXILIADO DE SI MESMO

Lidia Besouchet retrata -no libro *Homenaxe. Sesenta e seis escritores falan de Lorenzo Varela*, coordinado por Xosé Gregorio Ferreiro Fente- ao autor a quen se dedica este ano o Día das Letras Galegas como un nómada pois “Nascido no mar antes de chegar à Cuba, galego pelas raíces (desarraigadas sempre), viajante eterno pelas Américas, argentino de adoção, espanhol por fatalidade, Lorenzo Varela era um pouco de tudo isso, mas essencialmente não era senão o eterno exiliado de si mesmo”. Desde 1916, ano no que ve a luz durante a travesía que conduce a seus pais á emigración na Habana, transitará Lorenzo Varela por lugares que deixan pegada fundamental na súa vida e, sobre todo, na súa traxectoria literaria. Así, Buenos Aires, Lugo, Madrid, Francia, México, outravolta Buenos Aires e, de novo, Madrid (cidade na que falece en 1978) son as referencias xeográficas máis destacadas no seu periplo vital. Con todo, é a capital arxentina -onde pasa a súa infancia e á que volta en 1941- a que resultará determinante para a súa proxección intelectual pois alí ven a luz os poemarios (*Torres de amor* e *Lonxe*) e colabora en diversos medios culturais como as revistas *De Mar a Mar* e *Correo Literario*. A chegada de Lorenzo Varela á que, naquela altura da posguerra, era o centro da galeguidade exiliada, fornécelle o contacto con Luís Seoane con quen publica, en 1944, o libro *Catro poemas para catro gravados* onde se produce un diálogo entre os poemas de Lorenzo Varela e os gravados de Seoane como podemos comprobar grazas á reedición facsimilar que vén de editar Edicións do Castro. Seguindo o modelo orixinal, o volume inclúe, a tradución ao inglés dos textos feita por William Shand e as partituras das catro pezas musicais que Xulián Bautista compuxo co título de *Catro poemas galegos*. Tematicamente insírese nunha liña propia dos autores do exilio que se decanta por homenaxear a figuras do noso pasado e da nosa tradición que representen -como é o caso de María Pita, o bispo Adaulfo II, Rui Xordo ou María Balteira-, fortes referentes simbólicos do medievo. Tamén de 1944 é a “Ofrenda a los franceses” que dá ao prelo nas páxinas do *Correo Literario* e que foi reeditada, en coidada edición do profesor Alonso Montero, en 1999. Trátase dun texto celebrativo que festexa a liberación de París e onde o noso autor transita polo tema da guerra civil e as súas consecuencias inmediatas.

Se o primeiro libro de Lorenzo Varela, *Torres de amor* (1942) nos descubría a un poeta fondamente ferido pola vivencia do exilio e os recordos do conflito bélico do 1936, estes van ser tamén os eixos temáticos fundamentais en *Lonxe*, único poemario en galego que deixará édito xunto cos *Catro poemas para catro gravados*. Nesta obra, Carlos López Bernárdez -autor da edición da *Poesía galega* de Lorenzo Varela para Xerais- ve unha homenaxe clara á guerrilla galega que loitaba naquela altura contra o

réxime franquista. Non resulta nada estraño tendo en conta os vencellos que o poeta tiña co Partido Comunista e así aparecen evocados, ben individual ou ben colectivamente, todos aqueles que morreron pola liberdade: “*Morréchedes, matáronvos, deixáronme./ Quedei eiquí, lonxe das vosas sombras./ E gardo, coma un morto,/ no centro do silencio, da sede, da agonía,/ o día que vos poida levar á sepultura/ unha cesta de pombas e mazás*”. Mais, parellamente, un monllo de textos expresan a saudade da terra a través dunha serie de interrogacións retóricas pois non é posible voltar a esa nación soñada ao estar o eu “*lonxe de vós, inda máis lonxe,/ pra vos lembrar mellor, máis docemente*”. Deste xeito, en *Lonxe*, Carlos Callón destaca a presenza de diferentes imaxes de Galicia: a festiva e tradicional, a misteriosa e cun pasado inédito, a labrega e a cidadá (referíndose sempre Lugo e con ton autobiográfico e confesional) que coexisten. Tras *Lonxe* virán outros poemas espallados en revistas (algúns recollidos por Seoane en *Homaxes*, libro póstumo de 1979, reeditado agora por Ed. do Castro), as traducións de autores franceses e os ensaios sobre arte que completan o seu acervo literario. Despois de morrer, aparecerán outras edicións da obra poética entre as que destaca o volume *Poesía* (Ed. do Castro) ou o tomo da *Poesía completa I* preparado por Xosé Luís Axeitos para a Biblioteca del Exilio (Ed. do Castro) onde tamén podemos atopar un volume de *Ensayos, conferencias y otros escritos II* dedicado á prosa. A través deles redescubrimos a un autor preocupado polo seu tempo e fondamente ferido por ese sentimento de derrota común a todos os que tiveron que abandonar a súa terra e buscar acubillo no exilio.

Mais, co gallo de dedicárselle o Día das Letras Galegas, foron aparecendo nestes últimos tempos unha serie de textos biográficos. Trátase de *As tres mortes de Lorenzo Varela* -onde Antón Lopo novela, mediante a técnica do flash-back, a vida deste autor centrándose en tres feitos puntuais da súa vida, esas “tres mortes” que sofre: a acaecida no 1936 coa guerra civil, a da súa ruptura amorosa con Estela Canto e a última e verdadeira que o sorprende en Madrid en 1978- ou *Lorenzo Varela* (Marga Romero, A Nosa Terra) que se centra no retrato dos escenarios, emocións e vivencias que marcaron as circunstancias vitais do autor. Outro tanto acontece en *Lorenzo Varela. Vida e obra* e *Lorenzo Varela. Biografía e antoloxía*, ambas as dúas de Carlos Bernárdez quen adopta un ton máis ou menos didáctico para recrear a biografía do homenaxeado e, asemade, acompaña a última cunha selección de poemas dos que se ofrece tamén un breve comentario crítico. A medio camiño entre a recreación biográfica e o estudo da obra está Fernando Salgado con *Lorenzo Varela: a voz desterrada* (Ed. do Castro) que se volve editar aumentándolle novos datos acompañados dunha ampla documentación e unha estensa bibliografía que fan deste libro o máis completo para coñecer e entender ao autor. Pola súa parte, Carlos M.

Callón Torres aporta, en *Unha historia que nos pertence* (A Nosa Terra), unha análise da poesía en galego de Lorenzo Varela á luz dos presupostos da Socioloxía da Literatura. Así, tras fixar a importancia do exilio como formante do Sistema Literario Galego de posguerra, traza as liñas temáticas e formais máis salientables nos poemas e destaca, como gran aportación do autor á lírica do momento, a presenza das mulleres e a da homosexualidade, temas que logo recuperarán os poetas dos 90. Por último, achega con detalle o proceso que seguiu a Real Academia Galega para nomear a Lorenzo Varela como autor do 2005. Esta bibliografía completárase co volume *29 cartas de Lorenzo Varela* (Fernando Salgado, O Castro), descubertas recentemente. Trátase dun monllo de misivas que cruzou, entre outros, cos seus grandes amigos Maruxa e Luís Seoane ademais de coa súa dona Marika Gerstein. Así teremos acceso á parte máis íntima dun poeta que se preguntaba: "*Cando saia do inferno,/ ¿saberei navegar?/ ¿Dirasme, ti, irmán santo da miña mocidade,/ como fan os madeiros pra se ter sobre o mar?*".

TERESA SEARA

Tempos Novos, 96, maio 2005, pp. 76-77

